

Dinámica histórica da Galiza e evolución poética en Manuel María

FRANCISCO RODRÍGUEZ

En primeiro lugar, quero pedir desculpas por non ter podido comparecer no momento en que me correspondía, mais foi debido a cuestións ineludíbeis e que non se podían adiar de nengunha maneira. Vou utilizar o tempo asignado, máis que para facer unha exposición totalmente fechada, para sinalar algúns aspectos que deben ser tidos en conta no futuro á hora de avaliar unha obra tan proteica, tan ampla, como a de Manuel María. E vouno facer tentando inserilo na tradición poética da Galiza e, en particular, na tradición que instauran os clásicos da literatura galega, nomeadamente os clásicos de século XIX, porque penso que non sei se cambiarán máis as condicións históricas como para que, nun momento determinado, non se poda falar de escritores clásicos, mais, en todo caso, no momento histórico en que nós estamos a vivir, penso que é posíbel irmos recuperando, en cada etapa histórica da nosa literatura, unhas obras e uns autores a quen si podemos dar este rango, máis que por un motivo de carácter normativo, por seren moi expresivos de determinado tipo de cambios históricos e, ao mesmo tempo, sintomáticos dalgúns elementos que seguen a ser substanciais na realidade do país. Tentarei explicarme.

Unha das tradicións poéticas máis importantes da Galiza é aquela que mistura a concepción da poesía como epopeia coa elexía. En particular, isto está moi presente na obra de Rosalía en xeral e, en concreto, nunha obra como *Follas novas*. Mais na obra en español, *En las orillas del Sar*, por exemplo, poderíamos falar tamén de

epopeia en moitos dos seus poemas e, desde logo, de visión dolorida do país en todos eles. Realmente, isto é así porque a grande literatura clásica, a grande poesía clásica de Galiza sempre está moi vinculada á consciencia dun país que non é normal, que non acaba de ser normal. E se nós, agora, estamos catalogando Manuel María como grande poeta da nación é, en certa medida, porque segue respondendo a este tipo de perspectiva. A perspectiva dun país que non é só que non sexa normal, senón que sofre transformacións cualitativas moi importantes, que non son transformacións que conduzan a un outro *status* da nación, senón que sempre hai o perigo, ou hai a tendencia ou o medo a chegar a pensar que o país poda desaparecer. Penso que esta é unha constante que se está a manter desde o século XIX até hoxe en todos os grandes escritores, nomeadamente naqueles que merecen o cualificativo de clásicos.

Se vós collerdes o grande corpus poético de Manuel María, que abranxe desde 1950 até o ano 2004, observaredes que é inexplicábel sen termos en conta o que foi a transformación do país na etapa do franquismo, especialmente moi vinculada ao que foi o inicio da españolización no campo, ao fenómeno migratorio, que debilitou dunha forma notoria ese sector socioeconómico e, tamén, pasados do franquismo á democracia, agudizouse esa sensación de que o país esmorecía, de que o país se destruía, especialmente na súa base social máis xenuína, que era o mundo labrego. E a evolución poética de Manuel María é inseparábel precisamente destes cambios cualitativos. E reparade en como a obra dos tres grandes clásicos do XIX se produce no paso do Antigo Rexime ao sistema capitalista, no século XIX, un capitalismo de carácter centralizado, cos primeiros síntomas de como chega a españolización. O segundo grande *boom* prodúcese cando comeza a haber unha clase labrega que se mobiliza, que ten ímpeto, que intenta transformar as súas condicións de existencia, na etapa arredor da Primeira Grande Guerra Mundial e cando aparece tamén o fenómeno do nacionalismo como un fenómeno operativo xa a nivel social. E entre eses dous fenómenos hai unha depresión, que é a depresión finisecular, como despois haberá a depresión subseguinte á guerra civil, coas consecuencias que conleva, e a restauración posterior da literatura galega, precisamente en función dese fenómeno que é un fenómeno de loita contra o franquismo, é tamén un fenómeno de constatación da deterioración do país, nunha fase do capitalismo monopolista e, despois, coa democracia e coa integración na Europa comunitaria, con cambios cualitativos que fan mesmo que desapareza, como sintomática ou expresiva do país, esa estrutura económica centrada nunha clase labrega que tiña capacidade de autosubsistencia, de autoprodución, e que non estaba metida directamente nas redes do capitalismo de forma plena. Sen estes cambios, sen estes vaivéns, a obra de Manuel María non é explicábel. E por iso podemos falar de dúas etapas na obra poética de Manuel María, que están representadas, *grosso modo*, unha no primeiro tomo da *Obra Poética Completa* (da editora Espiral Maior) e unha outra, no segundo, faládomos en termos moi esquemáticos, e ambas non as podemos separar dos cambios que aconteceron na Galiza a partir do ano 1980, do inicio do funcionamento do marco autonómico, da

integración na OTAN e na Europa comunitaria, e todo isto tendo en conta unha evolución que está en xerme, que está actuante sempre na poesía de Manuel María, que é unha constante ao longo de toda ela, a que despois me vou referir.

Se vós leredes esta obra, en definitiva, observaredes que é unha obra froito do esforzo por construír unha cultura nacional, por construír país, un esforzo pola esperanza, polo optimismo, a elexía, a mágoa polos fracasos, por todo o que foron desgrazas, eivas ou falta de consumación de retos históricos, a evocación dun mundo que está a desaparecer, a evocación, en todo caso, dun pasado glorioso. E isto constituiría o cerne básico dunha parte da súa obra. Como, logo, unha outra parte está centrada no escepticismo, na incerteza, nunha certa desesperanza, en maior individualización, sen perder a característica fundamental, a elexíaca, que, volvo repetir, responde a dúas actitudes psicolóxicas de fondo algo diferenciadas. En todo caso, sexa nunha etapa, sexa noutra, o que está sempre a xogar un papel definitivo é a concepción de Galiza como nación e a concepción da Terra galega como unha terra que tería dereito a un outro destino histórico e, polo tanto, vinculada sempre a unha vontade nacional. Por iso, na obra de Manuel María, sempre que se emprega a visión da paisaxe, a visión dos diferentes territorios da Galiza, non estamos perante unha poesía de carácter exclusivamente paisaxístico, morta ou sen nengún sentido. Cando na súa poesía se fala de territorio, é un territorio que ten unha fonda vocación de unidade, en primeiro lugar; en segundo lugar, de historia, de cultura, de tradición, con consciencia detrás; por iso, é moi difícil ver na obra do noso autor poemas paisaxísticos ou poemas sobre a terra que non leven engadidos poemas sobre personaxes da terra e sempre desde unha perspectiva, desde unha óptica galega, de conxunto. Por iso, sendo un poeta en quen se deu moita importancia ao localismo, ao particular, sempre se trata dun localismo, dunha particularidade trascendida desde unha óptica nacional ou, incluso moitas veces, desde unha óptica internacionalista.

Falaba ao comezo de epopeia. E, efectivamente, a primeira parte da obra poética de Manuel María, até 1980, é unha epopeia colectiva, a epopeia que considera a existencia do povo galego como un povo cunha vocación histórica, aínda que sexa unha vocación histórica non completa, fanada moitas veces, mais que si está baseada no esforzo da xente e cunha característica fundamental: a de que a xente, a nosa xente, merece respecto, piedade e consideración. E isto non obviando todos os procesos de alienación, de embrutecemento, que están presentes na sociedade galega. Por iso, cando se define unha nación como un conxunto de hábitos psicolóxicos, é indubitábel que tedes na obra de Manuel María a descrición de todos os hábitos psicolóxicos da sociedade galega, sexan os dos labregos -que seguen sendo a clase fundamental, en toda a primeira etapa da súa obra, até 1980, e nisto conecta coa epopeia rosaliana, coa epopeia de Curros, coa de Pondal-, sexan os dos mariñeiros, que tamén están presentes, a pesar de non ser un home de nacencia costeira; están presentes os obreiros, como parte dunha concepción paramarxista do mundo; está a crítica ás clases medias como clases desnacionalizadas e están, por suposto, non somente figuras anónimas,

persoas do común, senón tamén todas as figuras históricas merecentes de exaltación ou de louvanza. En definitiva, está unha sociedade diferente. Por iso, é verdade que, a pesar dos cambios actitudinais, dos cambios psicolóxicos, de certos matices ideolóxicos, de variantes, que as hai tamén ao longo do tempo, o que non varía nunca é este aserto: "Sempre me sentín totalmente identificado coas xentes do meu país, coa súa fala, coa súa cultura". E, efectivamente, fala e cultura que se establecen a través dun vehículo fundamental que Manuel María é un dos poetas que emprega no terreo literario con máis naturalidade e con máis vinculación, se se quer, á lingua oral por el falada. A súa poesía ten unha contundencia lingüística tan singular que eu diría que é única en todos os poetas galegos da posguerra. Moitas veces teño dito que se a lingua galega correse perigo de desaparición, unha das maneiras de achegarse á súa fase última, e dunha maneira ricaz e complexa, sería, como nun exercicio de inmersión completa, recorreremos á obra de Manuel María. Esta riqueza lingüística débese a que se trata dun poeta de lingua galega materna e de lingua galega practicada socialmente e, tamén, a que é un poeta que inseriu con consciencia plena a súa obra na rica tradición literaria dun país que tivo máis capacidade, nalgúns momentos da súa historia, para ficar como diferente que capacidade social e política para se expresar, tamén en termos de diferenza.

A min sempre me chama a atención o abismo que hai entre o valor, a innovación, o esforzo que se fixo tanto no século XIX como no século XX (toda a etapa da Xeración Nós, por exemplo) en contraste coa pobreza, desde o punto de vista cuantitativo, no terreo do nacionalismo; non no terreo cualitativo, porque está claro que ambos están misturados e, por caso, *Sempre en Galiza* ou a *Doctrina nazonalista*, de Castelao e Ramón Vilar Ponte, respectivamente, son o que son intrinsecamente e teñen un valor enorme. Mais refírome á falta de incidencia social posterior destes plantexamentos. No caso de Manuel María, inscrito nesta tradición poética, literaria, nacional, que coñecía como ninguén, levouno a ser sempre unha persoa moi desacomplexada a respecto da defensa dos valores do país, a comezar, en primeiro lugar, pola súa literatura, da que, por certo, escribeu moitísimos artigos cun ton aparentemente biográfico, de non se meter en moitas profundidades, mais que todos eles rezuman esa característica de que a nosa literatura é tan válida como as máis normais, como as do centro, e non hai por que ir somente a leituras miméticas de poetas franceses, ou alemáns ou italianos..., senón que nós temos moitos que están na mesma tradición normativa, poderíamos dicir, universal. E isto é moi importante nun escritor, porque o fai deixar de ser un escritor provinciano, aínda que nos escenarios da crítica literaria central non sexa tido en conta.

Isto lévanos a vincular a visión da obra de Manuel María sobre o noso país, a súa historia, o presente e o futuro. Afortunadamente, aínda que puido vivir moitos máis anos, é un dos escritores galegos de posguerra que escribeu durante máis longo tempo, de forma continua. Son máis de cincuenta anos de historia literaria. E de historia que traduce, como dixeran antes, a historia de Galiza durante todos estes anos e, en

particular, o combate nacionalista, e que expresa mesmo os vaivéns, os cambios, as intermitencias psicolóxico-afectivas, actitudinais, a respeito deste movemento político e, tamén, a respecto das súas esperanzas de que ese movemento chegase a triunfar plenamente. E todo isto desde unha constatación dalgunhas cuestións moi de fondo que nunca cambiaron na posición de Manuel María: a identificación coa Terra e coa historia do país, para alén de cal vaia ser a sorte desa terra e dese país (isto foi o que o mantivo como grande poeta galego até o final); en segundo lugar, unha forma de ollar a vida dunha maneira eu diría que estoica: pasou duns inicios existencialistas, bretemosos, a un final moi curioso, en que se revela a preocupación pola morte, que se observa na súa obra final, como anunciadora, como profecía que se vai cumprir; mais non obviando que a vida merece ser vivida, que hai pequenas cousas que son fundamentais, que o amor e a piedade polos demais, polos que nos rodean, son fundamentais, nun ton de “bonhomía” que é inusitado nos grandes poetas de posguerra; agás Uxío Novoneyra, os outros non teñen ese ton, son máis ben poetas da frustración, da hostilidade, da inimidade moitas veces. Aquela bonhomía é, en Manuel María, unha característica fundamental, a pesar do fondo escepticismo e de ser moi consciente das deficiencias que había no noso país e que el obviou durante moito tempo, durante toda a primeira etapa da súa obra e que, na segunda, están na recámara e non aparecen na primeira fase da expresión poética. Porque a el, en definitiva, o que lle interesaba era o aspecto positivo da constatación dos esforzos persoais e colectivos por existir e pola significativa especificidade como povo diferente.

Ao longo destas dúas etapas, sexa a primeira, sexa a segunda, hai unha constante que é a evocación de Prisciliano, de San Martiño Dumense, dos reis de Galiza (en concreto, o rei García), o Medulio, os Irmandiños, Pardo de Cela, os Mártires de Carral, as revoltas populares, Moncho Reboiras...E, así, sucesivamente; os protagonistas da historia tamén a nivel local. O mesmo protagonismo que el intentou ter durante toda a primeira fase. Protagonismo político que, debo dicir, era un protagonismo que moitas veces non casaba coas características psicolóxicas de Manuel María. El non era un home precisamente moi dotado para a política; porén, asumiu e serviu funcións políticas simplemente porque lle parecía que era un deber e, neste aspecto, levou o compromiso do intelectual até unhas esferas ou até unhas lindes que ninguén practicou na Galiza nese mundo. E, ademais, foi o que de forma inmediata, de forma momentánea, prexudicou a súa imaxe de poeta, porque xa sabemos que nos países anormais os poderes das academias e dos parnasos oficiais son moi fortes. E este protagonismo político, este protagonismo cultural, de compromiso, que condiciona a súa obra, sobre todo desde 1968 até 1980, non é que o falsifique, en absoluto, como se intentou dicir, mais si o coloca nunha órbita onde moitísimas cuestións fican en todo caso esguelladas ou secundarizadas para enfatizar as que están vinculadas precisamente á vontade política de sermos un povo diferente. Esta posición deu de si poemas importantísimos, dos cais cumpriría facer unha análise demorada e cuxa eclosión cualitativa fundamental, no meu xuízo, se sitúa entre 1972 e 1974. Produce,

por exemplo, tres poemarios, dos cais eu recoméndoos a súa lectura de vagar, que, aliás, están moi ben interrelacionados, que son o *Aldraxe contra a xistra*, o *Informe para axudar a encender unha cerilla e Laio e cramor pola Bretaña*, que ten sempre o gosto de ler, coa énfase debida e coa naturalidade debida, Pilar Pallarés. Este último centra moi ben a cuestión nacional nunha cuestión internacional: a cuestión nacional galega, como algo de dor profunda no caso do autor, e a súa vinculación a unha etapa que poderíamos catalogar paramarxista e non exclusivamente patriótica. Esa tendencia, esa tensión, é a que coloca na obra de Manuel María desta etapa as clases traballadoras e as organizacións nacionalistas como principal suxeito histórico e é a que describe moi ben os procesos de alienación (hoxe sería moi interesante, por exemplo, reler todos os seus poemas sobre os medios de comunicación...). Nesta fase, repito, está toda a súa poesía de axitación, a súa poesía didáctica, que abranxe a poesía para nenos, a educación da infancia, e que abranxe, por suposto, o que é o teatro como didáctica.

O teatro do noso autor está aínda moi distante de ser avaliado correctamente e é unha mágoa, porque é un teatro de intervención social moi importante. Como, ademais, o teatro se presta a adaptacións e a encenacións que poden vincularse ás intencións dos directores, penso que se está a perder nestes momentos na escena galega a posibilidade de facer un teatro moitísimo máis directo, máis vixente e actual.

En todo caso, para ir concluindo, quero dicir que, cando se produce o cambio de tensión e se deixa de colocar, na obra de Manuel María, o protagonismo nas clases traballadoras e nas organizacións nacionalistas, a partir practicamente de 1980, hai un libro que, sen estar vinculado a un proceso de circunstancias políticas, indica que hai como unha especie de cansazo, inicio dunha revisitación, que é *Poemas da labarada estremecida*. A partir de aquí, esa actitude de certo cansazo vaise ver agudizada polas circunstancias históricas concretas. Entre 1981 e 1985, producíronse fenómenos alarmantes, en certa medida frustrantes, para o que era a perspectiva de futuro do noso país. Tanto como foi levantar o nacionalismo na Galiza: en moi poucos anos, especialmente con incidencia social entre o ano 1972 e 1979, en moi poucos anos por tanto, onde Manuel María participou de forma directa e con actividade literaria que estaba condicionada por esta participación. A partir de aquí, e do golpe de Estado do 23 de Febreiro de 1981, a incidencia electoral do nacionalismo; o terríbel ingreso na OTAN e na Comunidade Económica Europea; a aplicación da Constitución española como arma arroxadiza de carácter represivo (da cal estamos vivendo agora as últimas secuelas, o que indica quen tiña a razón ideolóxica naquela altura...): todo isto que recordo revela que estabamos sendo vítimas duns instrumentos represivos que nós intentamos defrontar dunha maneira inxenua, como un David face a Goliat. Isto provoca que esa tendencia, que había xa en Manuel María, de que cumpría cambiar, se abrise totalmente. Non sen un certo despiste, porque entón el agarrouse ao que era máis anecdótico, ao que era máis popular e, se queredes, folklórico, no mellor sentido da palabra, ao territorio como identificación menos problemática, á educación

de carácter nostálxico...; en definitiva, ao que era terra, ao que era lingua, ao que era máis nación como esencia, ao que era historia como pasado, ao que era arte, ao que era cultura... Mais a proba de que isto non era unha rectificación política, senón unha restauración dos elementos iniciáticos da súa identificación co país, dunha maneira máis esencialista e menos circunstanciada, tédela en que se lerdes, por exemplo, *Versos pra un país de minifundios*, de 1969, poderedes observar que hai elementos que non é que agora se descubran, senón que antes estaban como medo potencial, e agora o medo real leva a que se olle para outro lado, como un atordoamento momentáneo. E dentro del, estes versos:

*É urxente. Non hai,
Irmáus, tarefa máis
Necesaria e urxente :
Temos que poñer
A salvo o noso barco;
jéstásenos fundindo
pouco a pouco!
Temos que erguer
De novo a nosa casa,
Agora petada pola
Choiva; combatida
Pola neve, a xistra
I a xeada; coberta
De hedras e de silvas;
Habitada por ratos,
Raposos, corvos,
Choias, curuxas
E morcegos.
O noso barco vaise
A pique: ¿onde está
O capitán? ¿Onde?
A nosa casa esbróase,
¿onde vai o pai
de familia que deixou
morrer o lume do fogar?*

E se vós lerdes, na segunda parte da súa obra, un poema que se titula “Breogán”, observaredes esa vinculación aos cambios mencionados desta segunda etapa. Di así:

*¡Ouh Breogán! Anaco de brétema
aboiano en incerta lonxanía,
mastro do meu soño,
luz de estrela morta,
nome musical contra o silencio,*

proxecto dunha sombra,
 case posibilidade dunha chama.
 Teño de plantar, en honra túa,
 un escuro loureiro
 e un alto cipreste rumoroso.

Oráculo para cavaliños do demo . Os mitos e as derrotas (1986)

Estas evocacións nostálxicas e, se se quer, tamén pouco “épicas”, indican en que fase da obra literaria estamos: o camiño da nostalxia, o retorno ao mundo da familia, do pequeno-biográfico, de certo escepticismo e vocación panteísta, o sentimento amoroso..., quer dicer, de desacougos que se obxectivan nesa actitude que eu antes cualifiquei de estoica e asumindo as limitacións do mundo, mais tamén aquilo polo que é tan interesante vivilo. *Compendio de orballos e incertezas*, ese grande libro da segunda etapa.

Conclúo con esta cuestión. Penso que as condicións históricas que se producen a partir de 1975, para un poeta patriótico, para un poeta nacionalista, para un poeta que participara moi activamente na fase mundial onde o marxismo era unha ideoloxía determinante para todo o mundo -incluso para os que non eran marxistas- e non había nada que fose anti-capitalista que non tivese un trasfondo marxista (no fondo, como hoxe mesmo, aínda que doutra maneira e non de forma recoñecida e tendo en conta a derruba dos países do que se chamou socialismo real...), para un poeta destas características manter a racionalidade, manter unha posición ecuánime, manter unha posición patriótica, non caír no irracionalismo, non caír na confusión, supón moito. E Manuel María mantivo iso cunha pureza e cunha solvencia que é o que lle dá outra vez calidade á obra que fixo antes de morrer. Unha obra da que gosto de dicer que é a máis enciclopédica, a máis proteica, en xéneros, estilos, rexistos e temáticas, das que existen na literatura galega de posguerra. Está, xa que logo, no meu xuízo, entre os clásicos da segunda metade do século XX, na medida en que non samente ten todos estes valores variados, senón que expresa, reitero, os conflitos, as contradicións e, se se quer, tamén, as grandes transformacións a nivel mundial e a nivel galego que se teñen producido precisamente na segunda metade dese século. E expresa o inicio, o albiscar, o axexar, dun mundo que vén, de que non gusta nada, que se ve cheo de problemas, que non sabe a onde vai, mais que, ante todo isto, lévaos a falar das pequenas cousas e das grandes cousas vividas, das cuestións filosóficas, mais vividas dunha forma serena, analítica, e intentando sobre todo non perder unha pedra de toque fundamental, que é o amor e a piedade polo próximo, e o agradecemento por ter vivido situacións amorosas e por ter podido desfrutar do que, en definitiva, é a vida humana de carácter cotidiano.

É, para min, o poeta menos personalista da literatura galega do século XX. Non sei se é unha virtude consciente -creo que non-; creo, máis ben, que é unha forma consciente de se comportar perante o mundo, que a min é a impresión que me provoca toda a obra de Manuel María: un poeta moi pouco egótico. Semella que é un

poeta “afogado” pola lingua, máis do que a lingua manipulada por el. Ou que incluso o mundo se mantén nuns termos de xeneralidade, mesmo para as temáticas amorosas, nuns termos, diríamos, de moi pouca dimensión persoal. Máis ben, dá sempre unha dimensión telúrica, ampla, como se fose a propia natureza quen nolas ofrece. E neste aspecto, a súa fasquía clásica coido que é moi clara. En definitiva, co tempo e, sobre todo, se o fixermos de forma moi demorada, poderemos descubrir cantidade de matices, que nos darán unha proba moi expresiva do que foron cincuenta anos de historia do noso país, dunha forma vívida e a través dun home que nunca dubidou de que o mundo sen patrias é un mundo que non merece ser vivido, mais que o mundo con todas as patrias, en todo caso, sempre ten unha condición elementar e básica, que é a condición humana de todos nós. E máis nada.